Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2026

1.OBXECTO

É obxecto deste concurso estimular a participación, desde os colexios, dos/as nenos/as nunhas das datas máis significativas do ano; o Nadal.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todo o alumnado do municipio das seguintes etapas educativas:

- Educación infantil (4º, 5º e 6º)
- Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º)

3.FORMA DE PRESENTACIÓN

Os traballos **entregaraos o persoal dos centros escolares** do municipio na Casa da Cultura da Laracha do Concello da forma en que segue:

- Na parte posterior da obra, achegarase o **nome** e **apelidos** do/a autor/a, **curso** escolar e **centro** ao que pertence.
- O formato será libre
- No caso de Educación Primaria, non se valorarán os traballos dunha clase cun mesmo modelo de postal para todo o alumnado. Debe ser unha postal diferenciada para cada participante, xa que o premio é individual.
- Todos aqueles traballos que non respecten estes requisitos serán descualificados.

4.PRAZOS DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación remata o **xoves 17 de decembro** do 2026. A cualificación farase o **venres 18 de decembro** ás 10:00 h na Biblioteca Municipal da Laracha.

CVD: 5yJ1nvUNWLsGjUkcRisP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

5. PREMIOS

Establécense **doce** premios que se repartirán en **catro** categorías:

- **Categoría A:** Educación Infantil, 1 premio por nivel (4º, 5º e 6º de infantil)
- **Categoría B:** 1º e 2º de PRIMARIA , 3 premios.
- **Categoría C:** 3º e 4º de PRIMARIA, 3 premios.
- **Categoría D:** 5º e 6º de PRIMARIA, 3 premios

Os premios de Infantil serán de carácter colectivo (por aula).

Os premios de primaria serán de carácter individual.

Os premios consistirán en **xogos** e/ou **material educativo e/ou libros de lectura** adaptado ás idades das persoas galardoadas.

6. XURADO

O xurado estará formado por dúas persoas nomeadas pola Concellería de Cultura, e por unha persoa representante de cada un dos CEIP do municipio: Ramón Otero Pedrayo, Alfredo Brañas e Caión.

7. LISTAXE DE PREMIADOS

A listaxe de premiados publicarase na páxina web www.alaracha.gal e no Facebook do Concello (https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/). Ademais, o Concello da Laracha comunicará ás persoas galardoadas a decisión do xurado.

Os/as gañadores/as deberán recoller o seu premio sábado 19 de decembro **ás 12:00h** na Casa da Cultura da Laracha.

8. INTERPRETACIÓN

O Concello da Laracha resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar ás bases.

CVD: 5yJ1nvUNWLsGjUkcRisP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

9. PUBLICACIÓN

As presentes bases publicaranse na páxina web do Concello da Laracha, e se difundirán a través das redes sociais do propio concello e medios de comunicación.

De conformidade co disposto no artigo 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, tras a transmisión do seu texto á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS). O prazo de presentación de solicitudes computará a partir do día seguinte ao da publicación do devandito extracto no citado Boletín Oficial

10. ACEPTACIÓN DAS BASES : a participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

A Laracha 5 de novembro de 2026

O Alcalde José Manuel López Varela

CVD: 5yJ1nvUNWLsGjUkcRisP Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/